CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
O Concello organiza o Concurso de Escaparates de Nadal 2026 P14

MELIDE
A Semana da Música levará ao Mingos de Pita seis xornadas de concertos P14

CULTURA
Abeancos celebra dez anos de actividade P20

ENTREVISTA



Cristina Pacheco, Toysmaniatic Melide P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XXI - Nº 249. Novembro 2026. Distribución gratuíta

Asetem prepara a súa XXVIII campaña de Nadal nos establecementos de proximidade

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide (Asetem) prepara a súa XXVIII campaña de Nadal, que este ano se chamará "Nadal máxico en Melide" e desenvolverase, como xa é tradición, do 1 de decembro de 2026 ao 8 de xaneiro de 2027.

Os negocios asociados que estean interesados en formar parte da iniciativa deben anotarse antes do venres 20 de novembro, para iso poden chamar ao 981 50 61 88 ou enviar un correo a info@asetem.com. P3



"Hai que poñer en valor a nosa verbena, a galega"



Neste número do Cerne coñecemos a Juan Núñez, xerente de Nueva Escala Espectáculos, cóntanos a situación do seu sector e fala de poñer en valor e defender a verbena e as orquestras galegas. P9

"Quería que os e as lectoras descubriran o Camiño"



Soe dicirse que ata dos momentos máis duros sae algo positivo e iso foi o que lle aconteceu a Jose Gómez Sandes, autor da novela de suspense *"Cuando el Camino mata"*. P21



Tribuna de opinión

A menopausia, unha cuestión declarada menor



A ilustración dunha muller sostendo un reloxo hormonal. / Foto: iStock

Hai máis de oito meses que centos de mulleres van de farmacia en farmacia buscando un medicamento que non atopan, o fármaco para a menopausia. A Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios declarou oficialmente o desabastecemento de Lenzetto o 16 de marzo, e desde entón a crise estendeuse, polo menos seis medicamentos están afectados e a Asociación Española para o Estudo da Menopausia calcula que hai 400.000 mulleres prexudicadas.

Consumir este medicamento non se trata dun capricho, dado que a terapia hormonal alivia síntomas que deterioran a calidade de vida, desde as suores nocturnas e a atrofia uroxenital ata o insomnio, e en moitos casos axuda a previr a osteoporose (consecuencia da menopausia). É certo que non todas as mulleres a precisa, tamén o é que a menopausia non é unha enfermidade, porén para quen si a necesita, quedar sen esta medicación, supón unha gran molestia.

Este crise non se entende ser poñer en contexto que a menopausia foi durante moitos anos un tema do que non se falaba e a penas se investigaba. Isto explícase por ser un tema que afecta de maneira exclusiva á poboación feminina, parte da cidadanía cun gran sesgo de xénero na investigación médica dende o inicio dos tempos.

A investigación de medicamentos para a menopausia sufriu unha dobre invisibilización; por unha banda, a falta de interese pola saúde específica das mulleres e o edadismo. De feito, foi considerado como un proceso "natural" non médico durante décadas e síntomas como a néboa mental ou o insomnio eran catalogados como "queixas normais da idade".

É máis, a inversión pública e privada en investigar os mecanismos moleculares da menopausia é drasticamente inferior á destinada a condicións metabólicas masculinas de impacto siminal.

Editorial

Asetem é un traballo conxunto

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

O logo da Asociación empresarial da comarca, Asetem. / Foto de arquivo

Detrás de cada campaña, cada curso ou cada actividade de Asetem hai un obxectivo moi sinxelo: que o comercio e as empresas da Terra de Melide teñan máis visibilidade, máis vendas e máis voz.

Sabemos que o día a día dun negocio é esixente, as horas do día non chegan a nada, os pedidos teñen que estar para xa e hai clientela que atender. Por iso mesmo creemos que compensa dedicar un pouco de tempo ao que facemos en común como Asociación, porque o que cada un gaña é moito máis do que inviste.

Cando un comercio se suma a unha campaña, non só promociona o seu negocio: reforza o conxunto do comercio de proximidade da nosa comarca; cando se participan nas accións formativas enriquécese o arquivo de ferramentas que o comerciantes e empresarios teñen a man; e cando se dá unha idea axúdase a crear novas iniciativas que nos beneficien a todas e a todos. Asetem é dos seus socios e socias.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: CEIP de Arcediago e Vanesa de Quinzán
AGRADECEMENTOS: Pilar López e Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓNS.....11,22
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- ENTREVISTA.....23

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide prepara a súa XXVIII campaña de Nadal nos negocios locais



Na primeira imaxe as nenas e nenos que participaron como mans inocentes no sorteo do ano pasado, na outra o Director Xeral de Comercio na gala. / Fotos: Asociación de Empresarios da Terra de Melide

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide (Asetem) prepara a súa XXVIII campaña de Nadal, que este ano se chamará "Nadal máxico en Melide" e desenvolverase, como xa é tradición, do 1 de decembro de 2026 ao 8 de xaneiro de 2027.

Os establecementos asociados que estean interesados en formar parte da iniciativa deben anotarse antes do venres 20 de novembro, para iso ao igual que para pedir máis información ou resolver dúbidas poden chamar ao 981 50 61 88 ou ao 698 13 23 24, así como mandar un correo electrónico a info@asetem.com.

A partir do 25 de novembro os socios ou socias participantes poden empezar a recoller o material e cartelería da campaña nas oficinas de Asetem en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Este ano, entre as rifas repartidas nos establecementos participantes sortearanse dous premios de 1.000 euros e 4 de 500, o que suma un total de 4.000 euros en premios para premiar á clientela dos comercios locais.

Ademais, durante os días que dure o "Nadal máxico en Melide" haberá actividades para o público infantil.

A campaña pecharase o venres 8 de xaneiro de 2027 no Centro Sociocultural Mingos de Pita coa Gala de Nadal e o sorteo dos 4.000 euros, ante notaria. A Gala comezará a iso das 20:30 horas e o sorteo arredor das 21:00h. A maiores, do sorteo das rifas haberá entre as persoas asistente un sorteo dun Bono de Benestar, valorado en máis 200 euros.

Toda a información e sorpresas da campaña de dinamización "Nadal máxico en Melide" irase debullando nas redes sociais de Asetem e tamén no Cerne de decembro.



Asetem participa nas actividades sobre emprendemento do Día da Muller Rural, organizadas polo centro EFA Piñeiral



A presidenta e a xerente de Asetem coas poñentes do Día da Muller Rural e a directora da EFA. / Foto: EFA Piñeiral

Asetem participa nas actividades sobre empredemento e futuro no rural no Día da Muller Rural, organizadas polo centro educativo EFA Piñeiral (Arzúa). En representación da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide acudiron a presidenta da entidade, Emma Sanmartín, e a xerente, Pilar López.

Nunha mesa de experiencias titulada *"Mulleres con proxecto, rural con futuro"* reuniu, o pasado 16 de outubro, a tres mulleres con traxectorias profesionais moi distintas para amosar a diversidade de perfís laborais que existen no rural.

A mesa estivo protagonizada por Alba Pérez, emprendedora, fundadora de Abrente Comunicación e especialista en márketing dixital; Patricia Vilar, empresaria do sector 3D e impulsora de ALVO 3D, un estudo especializado en dixitalización, deseño e fabricación aditivia; e Isolina Raña, gandeira, socia de CLUN e presidenta da Asociación de Empresarias Rurais.

O encontro serviu para dar visibilidade a mulleres que, desde distintos ámbitos, son referentes próximas de emprendemento, innovación e desenvolvemento profesional.

As participantes coincidiron en valorar o rural como lugar para desenvolver un proxecto profesional, aínda que sen esquecer as necesidades pendentes, "o rural é o mellor lugar para vivir, e para traballar, aínda que é certo que debemos seguir loitando por conseguir a dotación de máis servizos", afirmou Isolina Raña; quen engadiu que hai que tomar conciencia do importante papel da muller rural, "imprimimos valor ao noso territorio".

Alba Pérez salientou que as oportunidades laborais para as mulleres no rural "non son nin mellores nin peores" que as dos ámbitos urbanos, senón "diferentes". Pola súa banda, Patricia Vilar destacou que no rural moitos sectores profesionais están a prosperar máis alá do agrario e que, ao ser menos, tamén lles resulta máis doado facerse visibles.

Como conclusión, as poñentes animaron aos asistentes a emprender, a non ter medo a equivocarse, a traballar con compromiso e a converter as súas virtudes na palanca que impulse a súa carreira profesional e a súa pegada no territorio.

Ao acto asistiron axentes locais, representantes do tecido asociativo e empresarial e parte do centro formativo que acolleu estas actividades arredor do Día da Muller Rural.

Dispoñibles as axudas de eficiencia enerxética



Unha traballadora axustando un aparato de eficiencia enerxética. / Foto: iStock

A Xunta ten dispoñibles as axudas de eficiencia enerxética destinadas aos aloxamentos turísticos. O prazo de solicitudes para este liña de axudas, en concorrencia non competitiva, está aberto e cóntase cun orzamento de 9 millóns de euros para 2026 e 2027.

As axudas cobren a mellora da envolvente dos edificios, a renovación da iluminación e solucións como solar térmica, xeotermia, biomasa, aerotermia, hidrotermia ou fotovoltaica para autoconsumo.

Asetem organizou unha formación de estratexias de márketing para negocios



Inma Carbia e as asistentes ao curso de márketing. / Foto: Asetem

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide organizou o pasado 19 de outubro unha formación sobre estratexias de márketing dirixido a comercios e empresas asociadas.

O curso, impartido por Inma Carbia Fernández mestra da EFA Piñeiral, tivo como obxectivo achegar ferramentas prácticas para promocionar produtos e servizos, mellorar a visibilidade dos negocios e fidelizar a clientela. A formación durou sobre dúas horas.

Dende a directiva de Asetem destacan que este tipo de accións buscan axudar ao comercio e empresas asociadas a adaptarse a un contexto no que a competencia dos establecementos en liña e os novos hábitos de consumo obrigar a reforzar a comunicación e o contacto coa clientela.

Ademais, dende a Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide anunciaron que se seguirán organizando formacións para dar resposta ás necesidades dos seus socios e socias, por isto mesmo animan a todas as persoas asociadas a acudir a este tipo de actividades para aprender, actualizar coñecementos, aproveitalos no día a día dos seus negocios e detectar novas necesidades.

A Xunta de Galicia financia con máis de 53.000 euros a mellora da iluminación e da xestión de residuos no Polígono da Madanela



A delegada da Xunta co concelleiro Xosé Igrexas, o director territorial e representantes do PP. / Foto: Xunta de Galicia

A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitou o 22 de outubro de 2026 o parque empresarial da Madanela, en Melide, para comprobar o resultado das actuacións de mellora das súas infraestruturas. Nesta visita a delegada estivo acompañada polo concelleiro Xosé Igrexa, o director territorial da Consellería de Economía e Industria, Isidoro Martínez, e varias representantes do Partido Popular municipal. A achega autonómica supera os 53.000 euros, divididos en preto de 39.000 para renovar a iluminación pública e máis de 14.000 para mellorar a xestión dos residuos.

O recinto ocupa 215.588 metros cadrados e acolle 86 empresas en funcionamento, o que o converte nun dos principais espazos de actividade económica da comarca. Belén do Campo destacou a importancia de que os parques empresariais dispoñan de infraestruturas modernas e eficientes, adaptadas ás necesidades das empresas, para contribuír á competitividade local.

A renovación do alumeado consistiu en substituír 36 luminarias de vapor de sodio por outras LED, máis eficientes e regulables, serían: 13 de 100 vatios, oito de 60 e 15 de 50. Tamén se renovaron preto de 1.800 metros de cableado deteriorado, instaláronse dúas columnas de iluminación de 12 metros de altura e repararon e melloraron os cadros eléctricos de mando e protección.

O consumo eléctrico anual estimado pasa de 32.850 a 9.785,65 quilovatios hora, o que supón unha redución do 70,21 %. A intervención incluíu a substitución dos interruptores diferenciais por modelos rearmables, a reparación de conexións internas, a mellora da estanquidade das envolventes e a posta a terra dos cadros.

A Xunta destinou outros 14.000 euros a ampliar os medios de recollida selectiva nun polígono que xa conta cun punto limpo municipal. Porén, dende o Goberno galego decidiron reforzar a dotación nas súas vías, polo que se instalaron 23 contedores, dez azuis de tres metros cúbicos para papel e cartón e 13 amarelos de 1.100 litros para envases de plástico, metal e briks.

O Goberno convoca axudas para que as persoas sen emprego poidan formarse



Varias persoas adultas formándose nunha aula. / Foto: iStock

O Goberno galego publica no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de axudas 2026/2027 para facilitar a participación de persoas desempregadas nos cursos de formación para o emprego. Cun investimento global de 10,2 millóns de euros, as bolsas buscan que máis persoas poidan acceder á formación que precisan para mellorar as súas opcións laborais e incorporarse ao mercado de traballo.

As axudas están destinadas a persoas desempregadas que participen en accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B ou C, ou na formación no traballo do Catálogo de Especialidades Formativas do Servizo Público de Emprego Estatal.

A convocatoria presta especial atención ás persoas con discapacidade, ás vítimas de violencia de xénero, ás que teñen cargas familiares e ás integrantes de familias numerosas ou monoparentais.

A Xunta concederá 9 euros por día de clase ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33% e ás persoas de familias numerosas ou monoparentais. Para as vítimas de violencia de xénero serán 10.

Amplíase o orzamento do Bono Remuda da Xunta



Dúas persoas nun establecemento de proximidade. / Foto: iStock

A Xunta publica a ampliación orzamentaria do Bono Remuda para atender as solicitudes recibidas, en concreto, un total de 93 negocios poderán así continuar en activo logo da xubilación da persoa titular en 2026.

O Bono Remuda contempla apoios para quen colle a testemuña dun negocio, con dúas liñas: o remuda rural e o remuda xeral, dependendo do número de poboación da localidade na que está o negocio.

A Deputación abre a través do programa Provincia Emprendedora un catálogo de cursos e talleres para pemes e autónomos

A Deputación da Coruña abre, en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña, a través do programa Provincia Emprendedora, pertencente ao Plan de Emprego Local, un catálogo de cursos, talleres e píldoras informativas para pemes, persoas autónomas e microempresas da provincia. As prazas son limitadas e están adaptadas a todos tipo de negocios.

Este plan formativo deseñouse a partir das demandas do tecido empresarial e segundo indica a organización, o obxectivo "é ofrecer ferramentas prácticas para mellorar as marxes, simplificar a burocracia, vender mellor e avanzar na dixitalización e na sustentabilidade".

O primeiro bloque reúne seis cursos sectoriais en áreas clave para a competitividade, que combinan sesións virtuais e teleformación. As formacións son as seguintes: programa avanzado en márketing e estratexia dixital, 90 horas; finanzas para non financieiros, 40 horas; dirección de equipos e *coaching*, 25 horas; crea a túa tenda en liña, 20 horas; venda en liña na empresa (redes sociais e ferramentas de comunicación), 50 horas; e, por último, transformación dixital da empresa, 50 horas.

O segundo bloque propón accións curtas e moi operativas, a maioría de dúas horas e abordan cuestións como que forma xurídica elixir (autónomo ou sociedade), a contratación e regularización de persoas estranxeiras, a protección de datos (RXPD) na peme, a xestión de cobros e a prevención da morosidade ou os indicativos financieiros básicos para a xestión.

Hai tamén unha sesión de catro horas sobre insolvencia e concurso e un taller de 22 horas sobre a xestión do absentismo laboral, centrado na motivación, o clima de traballo e as solucións legais.



Unha persoa co seu ordenador collendo apuntamentos dunha formación en liña coma as deste programa. / Foto: iStock

O catálogo inclúe ademais un aliñamento sectorial; no sector TIC, innovación e audiovisual traballarase a escalabilidade, a venda B2B, a diferenciación e a intelixencia artificial; no sector primario, a rendibilidade, os custos, a transformación, os canais curtos e a dixitalización útil; no turismo, a creación de produto de valor, a excelencia no servizo e a xestión de ingresos, e no ámbito das enerxías renovables, a sustentabilidade e a economía circular, a eficiencia enerxética, a medición da pegada e a venda consultiva.

Para anotarse no teléfono 981 13 37 02 ou no correo emprende@cec.es.

Asetem participa na cidade de Ourense nunha xornada sobre intelixencia artificial aplicada ao comercio de proximidade



Os asistentes á xornada sobre Intelixencia Artificial e comercio durante a benvida do director xeral. / Foto: Asetem

A presidenta, Emma García, e a xerente, Pilar López, de Asetem participan en Expourense, na cidade de Ourense, na xornada "Intelixencia artificial orientada ao comercio e aos centros comerciais abertos". A cita tamén contou coa participación do director xeral de Comercio e Consumo da Xunta, Gabriel Alén, e enmárcase no proxecto transfronteirizo Digital_Expo.

A formación centrouse en aplicacións prácticas da intelixencia artificial no ámbito comercial. Entre os temas abordados estiveron a xestión de recintos comerciais e as súas posibilidades para o pequeno comercio, a automatización de tarefas de xestión nos pequenos establecementos e o uso destas ferramentas para mellorar os procesos de venda.

Gabriel Alén destacou o valor de accións deste tipo para coñecer, a través das experiencias reais, as oportunidades que ofrece a Intelixencia Artificial para reforzar a competitividade do sector, con especial atención á mellora das vendas, á xestión e á dinamización comercial.

A asistencia da presidenta e xerente de Asetem á xornada responde ao interese da Asociación por coñecer de primeira man as ferramentas dixitais existentes que poden axudar aos comercios de proximidade e ás empresas da Terra de Melide a modernizarse, actualizarse e a afrontar os novos hábitos de consumo da poboación. "A formación nestes tempos que a tecnoloxía avanza a pasos axigantados", indica López.

Digital_Expo ten como fin impulsar a modernización e a transformación dixital dos recintos feirais e centros expositivos de Galicia e do norte de Portugal. Está liderado polo Goberno galego e nel participan Expourense, a Universidade de Vigo e as cámaras municipais de Viana do Castelo, Ponte de Lima e Arcos de Valdevez.

O proxecto está cofinanciado pola Unión Europea a través do programa Interreg VI - A España - Portugal (Poctep) 2021 - 2027 e desenvolverase ata o 31 de decembro do vindeiro ano e conta cun orzamento de máis de 1 millón de euros.

PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

NUEVA
UBICACIÓN



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

Asetem organiza un curso práctico de intelixencia artificial



Varios alumnos e alumnas nunha formación sobre intelixencia artificial. / Foto: iStock

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide poñerá en marcha un curso de "Iniciación práctica á intelixencia artificial na empresa", dirixido aos seus socios e socias.

A formación terá catro horas de duración que se desenvolverá os días 16 e 19 de novembro nas instalacións de Asetem.

O curso diríxese a persoas que nunca usaron a intelixencia artificial en serio ou que a probaron e non lle atoparon utilidade. A experiencia, segundo indicaron os formadores, adoita ser sempre a mesma, case todos probaron xa ChatGPT, pedíronlle algo, obtiveron un texto xenérico e concluíron que non lles servía para o seu. As persoas participantes non empezarán de cero neste curso, senón da tarefa que máis tempo lles come e do que probaron.

Tamén se ten en conta que moitos empresarios e empresarias non teñen tempo de sentar a probar estas ferramentas, polo que a proposta se limita a dúas xornadas e coa información e aprendizaxe útil para as empresas e comercios.

Dedicarase un bloque da formación a personalizar a conta e a configuración campo a campo e uso da memoria. O curso tamén inclúe aplicacións moi prácticas para o día a día do comercio e da empresa local.

As socias e socios interesados en participar nestas xornadas de formación deberán enviar un correo electrónico a info@asetem.com ou chamar ao 981 50 61 88 ou 698 12 23 24, así como para calquera dúbida ou información extra sobre estas accións de aprendizaxe.

Éxito de participación na campaña "O Samaín no comercio local"



Varios grupos de nenas e nenos visitando os comercios locais como Stardemoda e Lola Lolita Lola para pedir doces, esta iniciativa está dentro da campaña "O Samaín no comercio local". / Fotos: Cerne

Éxito de participación na campaña de dinamización e promoción dos establecementos de proximidade "O Samaín no comercio local", celebrada durante os días 30 e 31 de outubro e 1 de novembro, e organizada pola Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide.

Unha das actividades, dentro desta iniciativa, como mellor acollida foi o reparto de lambetadas entre as nenas e nenos que se acercaron aos establecementos asociados participantes durante a tarde do 31 de outubro, decenas de cativos e cativas percorreron disfrazados as tendas do municipio.

Ademais foron varias as familias das ANPAs O Forte e Martagona ás que subiron ás redes sociais fotografías dos pequenos e pequenas disfrazadas para entrar no sorteo dun vale de compra de 150 euros, a gañadora foi María García (da ANPA Martagona).

A maiores, durante estas xornadas rexistráronse decenas de tíckets de compra para entrar no sorteo dos 4 vales de compra de 50 euros e as persoas gañadoras foron: Oliva, Raquel, José Manuel e Sandra.

O obxectivo desta campaña de dinamización comercial era darlles a coñecer aos máis pequenos da casa os comercios locais dun xeito divertido, involucrar ás familias e incentivar as compras nos establecementos de proximidade durante eses tres días nunha época de vendas máis baixas para as tendas.

Dende a directiva agradecen a implicación.

NUEVA ESCALA ESPECTÁCULOS

“Hai que defender e poñer en valor a verbena galega, é dicir, as nosas orquestras que tocan e cantan en directo nas festas”

- Que fai exactamente un axente de espectáculos?

- Juan Núñez: Depende da zona na que traballe o axente pero aquí no centro de Galicia encargámonos de todo, dende os permisos e a documentación que entrega aos Concellos, o imposto da SGAE (Sociedade Xeral de Autores e Editores), os seguros e a contratación directa de artistas, orquestras dúos e bandas. En definitiva, facemos todo para sacar a festa adiante, o cliente só ten que pagar o importe que se acorda.

Ademais, contamos cun grupo 18 xeradores de luz de diversas potencias para alugarlle ás comisións ou asociacións que o necesiten para as festas.



Juan Núñez, xerente de Nueva Escala Espectáculos, na súa oficina cos carteis dalgunhas orquestras. / Foto: Cerne

- Que artistas e grupos tedes en catálogo?

- J.N: Temos as orquestras máis grandes e coñecidas de Galicia: Panorama, París de Noia, Satélites, Olympus ou Gran Parada, tanto formacións veteranas como outras de nova creación e que lle gustan á mocidade e tamén á xente máis maior. Hai orquestras como a dos Satélites, que é das que máis datas ten ao longo do ano, para a que xa temos algunha contratación pechada para 2032.

- Estas orquestras tédelas en exclusividade?

- J.N: Si claro. Nós pertencemos ao grupo Gaias, de Pontevedra, que ten empresas vendedoras por toda Galicia. O noso radio de actuación abrangue Chantada, Taboada, Monterroso, Antas de Ulla, Palas de Rei, limitamos un pouco con Friol, Curtis, Teixeiro, Sobrado, Boimorto... en definitiva, toda a zona centro de Galicia.

- Con canta antelación se contratan as orquestras para as festas?

- J.N: Cada vez con máis antelación. Por poñerche un exemplo, en Sobrado antes de celebrarse as festas deste ano xa estaba pechada a contratación das do 2027. Se queres orquestras grandes como poden ser Os Satélites tes que moverte un ano ou ano e medio antes, e hai casos de asociación nas que sempre fan a festa as mesmas persoas que contratan ata a catro anos vista.

- É unha profesión moi estacional no verán ou cada vez menos?

- J.N: Si, si. Nós acabamos temporada agora o 17 de outubro en Corneda coa Compostela e agora ata o mes de abril non retomamos a actividade principal. No mes de abril xa empezamos coas festas dos Ánxeles (Melide), festas da Xuventude, ou a de San Xorxe de Augas Santas (Palas de Rei). Durante estes meses organizamos algunha cea baile nalgún restaurante ou cousiñas así pequenas pero o forte é nos meses de marzo/abril ata outubro.

- Que é o que máis lles preocupa ás comisións, asociacións ou Concellos que organizan as festas?

- J.N: Estamos nun momento no que cada vez hai menos orquestras e moitas delas, especialmente as grandes, xa non fan sesión vermú, logo súmalle o presuposto que tamén é máis alto e a recadación menor. Entón, ao final tes menos cartos para facer a festa e máis gastos ca antes (o prezo da orquestra, seguros, impostos...). Logo gústalles vir aquí e saber que todo vai saír ben e estar controlado, nós temos seguro de responsabilidade civil por se houbera calquera problema sábese que se vai responder.

- As festas requiren máis burocracia ca antes?

- J.N: Si, hai concellos onde che esixen o curso de prevención de riscos ás comisións e non podemos esquecer que as persoas que fan a festa soen ter outro traballo e non sempre lle poden dedicar tanto tempo á organización da festa. E agora as comisións traballan moito porque como a xente dá cada vez menos cartos hai que organizar outras actividades para recadar e fan churrascadas ou bingos nas que nós colaboramos poñendo un dúo ou grupo para animar máis á xente a ir.

- Hai relevo xeracional nas comisións de festas?

- J.N: Depende, nas que hai un Concello detrás que os apoia si, pero noutros sitios cústalle moito. Ser da comisión implica un esforzo enorme e dar a cara polo teu pobo, porque a festa é para todos pero o traballo está pouco agradecido.

- Cambiou o gusto do público nos últimos anos?

- J.N: Si, está volvendo moito o tema das orquestras para bailar, a xente quere ir a un festa e poder bailar. Por poñerche un exemplo, o día do Carme aquí en Melide o Cantón de San Roque estaba abarrotado de xente bailando cos Satélites, iso para min é un orgullo e síntoma de a que as persoas que van ás festas lles volve apetecer ter música para bailar. Obviamente intentamos sempre combinar orquestras ou grupos para todos os públicos, que desfrute tanto a xente nova como a máis maior.


- E o horario das festas?

- J.N: Tamén cambiou, especialmente os domingos. Este ano estivo funcionando moi ben o tardeo con actuacións que empezan sobre as oito e media ou nove e fan un único pase de tres horas. A xente se ten que traballar ao día seguinte prefire empezar antes a festa para poder quedarse máis tempo e desfrutar dela, de feito, había comisións máis temerosas de cambiar a hora e quedaron encantadas porque viron que funciona.

- Cales son hoxe os maiores retos do sector?

- J.N: Diría que manternos porque a tendencia é que cada vez haxa máis música enlatada e temos que defender e poñer en valor o noso, a verbena galega. O que pasa en Galicia, cunhas orquestras que tocan e cantan en directo e que montan e desmontan os seus escenarios (por certo, cada temporada máis grandes), non o hai en outros lugares de España. Haille que dar valor ás orquestras que teñen uns músicos que se fai falta baixan ao campo da festa e tocan *a capella*, dormen catro ou cinco horas e xa están en marcha para a seguinte actuación. Este tipo de agrupación dá de comer a moitas familias a diferenza da música enlatada. De feito, penso que as orquestras debían ter un selo de calidade.

O paro sobe en 10 persoas na comarca da Terra de Melide no mes de outubro e chega ás 356 persoas desempregadas



Dúas traballadoras da limpeza dun hotel, sendo o sector servizo onde máis se incrementa o paro. / Foto: iStock

O paro rexistrado na comarca da Terra de Melide pechou o mes de outubro con 356 persoas desempregadas, 10 máis que en setembro, cando a cifra era de 346. Isto supón unha suba mensual do 2,9 %, algo por riba do 2,15 % que creceu o desemprego no conxunto de Galicia.

O concello de Melide, o máis poboado da comarca, rexistra 275 persoas paradas, 11 máis que o mes anterior (264), un 4,2 % máis. Representa preto do 77 % do paro comarcal e explica todo o incremento do conxunto da Terra de Melide.

Santiso mantén as súas 26 persoas desempregadas, sen variación respecto de setembro, e Toques repite as súas 21. Sobrado é o único concello que baixa: pasa de 35 a 34 persoas paradas, unha menos.

En Galicia, o paro rexistrado aumentou en 2.412 persoas en outubro, un 2,15 % máis que en setembro, ata un total de 114.849 desempregados, segundo os datos publicados polo Ministerio de Traballo. O incremento supera a media española, onde a suba foi do 1,8%, debido sobre todo ao sector servizos, que sumou case 27.000 desempregados tras o fin da tempada estival.

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón Legumbres

Bacalao Vinos Licores

Conservas y embutidos

Gran surtido en cestas de Navidad y baúles.

Regalos navideños con produtos conocidos y de prestigio.

Bo Nadal!



Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE
Teléfono e fax: 981 50 51 03
casajuanito1910@gmail.com

Crónicas de Arcediago

Galicia é terra de lendas, e os seus *seres fantásticos* habitan cada lugar que nos poida vir á mente: Nos abundantes ríos galegos viven as xacias, fadas da auga e irmás das sereas que segundo os contos mariñeiros poden atoparse nestas costas. Ademáis, nas fontes poden aparecerse serpes encantadas que se volven belidas doncelas se desfacemos o seu feitizo e nas covas hai tesouros de valor inmedible custodiados, segundo o cal, por dragóns ou por mouras de louros cabelos que nos propoñen un acertixo.

As frondosas fragas de Galicia tampouco están baleiras de feitizos, nelas poden atoparse os demachiños, que nos conceden desexos se somos quen de atrapalos; ao Gatipedro avistado por Álvaro Cunqueiro, ou ás fadas das fragas. E polas noites no profundo destes mesmos bosques, voando nas súas vasoiras reúnense dende tempos inmemoriais corros de bruxas, porque "habelas hailas". E nos camiños debemos ter coidado se é de noite, pois anda en vela a Santa Compaña na percura dun vivo que encabece a marcha levando a candea, e que ficará con eles ata a fin dos tempos a non ser que atope un sustituto.

Na montaña habita o Apalpador, que descende no tempo do Nadal e entra nas casas a repartir castañas entre os meniños desta terra. E nos currais, contan as lendas que se un galo pon un ovo, deste sae un basilisco, animal que se agocha no fondo dos pozos e convirte en pedra a quen o mira. Por suposto tamén o ceo ten as suas historias, do Arco da vella dise que é o longo pano dunha meiga moi vella que habita nas nubes e que sae cando chove e fai sol, dela hai que gardarse pois pode ser que queira levarnos consigo. Tamén se conta que se conseguísemos chegar ao punto xusto onde remata este arco de cores atoparemos un caldeiro cheo de ouro.

Sendo así, estarédesvos preguntando cal é o ser máxico que vive no colexio de Arcediago, pois ben, vóuvolo dicir, e de primeira mau, pois eu mesma puiden velo varias veces de meniña, trátase da Pitusa, unha galiña verde cun longo pico nacida en Chantada, que soe aparecer na ventá da aula de infantil do colexio e agasalla cos seus ovos de chocolate ás meniñas e meniños, como eu puiden comprobar tantas veces... E vós puidestes vela?



Antiga alumna do Ceip Arcediago

A maxia dos contos e da música adiantou a celebración do Día da Biblioteca no colexio

Aínda que a cita oficial co Día Internacional da Biblioteca se celebra o sábado 24 de outubro, no colexio decidimos adiantar esta festa ao mércores 21 para compartila xuntos nas aulas e vivila por todo o alto antes da fin de semana.

A xornada contou cunha visita moi especial: a formación Ludus Temporis, que se achegou ao centro para presentar o seu espectáculo *Contos e melodías da Galicia máxica*. Traían na súa mochila unha coidada selección de historias tradicionais, instrumentos e moita enerxía para contaxiar o gusto polos libros.

Durante a sesión, o alumnado non se limitou a escoitar sentadiño. Entre acordes de guitarra, ritmos e personaxes fascinantes os nenos e nenas convertéronse en parte activa do espectáculo, participando nas narracións, facendo coros e cantando a pleno pulmón.

Cunha mestura perfecta de literatura oral, música en directo e contaxiosa ilusión, a comunidade escolar festexou así unha datatan sinalada, lembrado que os libros e a biblioteca son, antetodo, un espazo vivo para imaxinar, aprender e gozar xuntos.



Ceip Arcediago

O oncólogo Rafael López López impartirá en Melide unha conferencia sobre prevención e tratamento do cancro



O doutor e xefe do Servizo de Oncoloxía Médica no CHUS, Rafael López López. / Foto: OurenseXa

A Deputación da Coruña organiza o ciclo de conferencias *"Vida saudable e envellecemento activo"*, que levará a Melide e á Pobra a dous especialistas de recoñecida traxectoria nos ámbitos da oncoloxía e da investigación en obesidade. En Melide, a cita será en novembro, o día 13, ás 19:00h no Centro Social coa conferencia *"O cancro, prevención e tratamento"*, a cargo do doutor Rafael López López.

Rafael López é xefe do Servizo de Oncoloxía Médica do Complexo Hospitalario Universidade de Santiago (CHUS) e Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela. Na súa charla abordará a prevención do cancro, a importancia do diagnóstico precoz e os avances nos tratamentos oncolóxicos.

A conferencia tamén buscará achegar á cidadanía os progresos da investigación e explicar como contribúen a mellorar a atención e as perspectivas das persoas con cancro.

O programa quere facilitar información rigorosa e comprensible, así como pautas prácticas para coidar a saúde, previr enfermidades e manter a autonomía ao longo da vida. A iniciativa presta especial atención ás persoas maiores e á poboación rural, co obxectivo de facilitar o acceso ao coñecemento médico e científico e axudar a tomar decisións informadas.

As sesións tratarán cuestións como a alimentación, a actividade física, a prevención dos factores de risco e os avances na investigación e no tratamento das enfermidades.

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, destacou que "coidar a saúde e previr enfermidades é fundamental para gañar anos de vida, pero tamén para vivir eses anos con maior autonomía e calidade de vida". Segundo adiantou Formoso, o ciclo permitirá "achegar información útil á cidadanía da man de especialistas de primeiro nivel, facilitando que todas as persoas, vivan onde vivan, teñan acceso a coñecementos e recomendacións que lles axuden a coidarse mellor".

O ciclo rematará en decembro cunha charla de Ana Belén Crujeiras na Pobra.

A PapaNoelada dos Milli Riders do 2026 xa ten data



Cartel da PapaNoelada organizada pola Asociación moteira. / Foto: Milli Riders

A PapaNoelada dos Milli Riders do 2026 xa ten data, celebrarase o sábado 12 de decembro no Cantón de San Roque, ás 17:00 horas.

Con esta iniciativa a Asociación moteira busca xuntar aos seus socios e socias nun evento de Nadal, no que acudiran e pasearán polo municipio vestidos de Papá Noel ou personaxes relacionados.

Dende a organización do evento animan a todas as persoas participantes a decorar as motos e ir desfrutar "dun día cheo de motos, risas e bo rollo entre amigos".

O Concello do municipio mantén aberto o prazo das axudas á natalidade


Un bebé duns meses, como os beneficiarios destas axudas. / Foto: iStock

O Concello de Melide mantén aberto ata o 16 de novembro o prazo para solicitar as axudas a prol da natalidade de 2026. A convocatoria está dirixida aos pais e nais empadroados en Melide con fillos ou fillas nacidos ou adoptados entre o 1 de novembro de 2025 e o 31 de outubro de 2026.

A Administración local destina un total de 15.000 euros a esta convocatoria, que contempla achegas de ata 300 euros por cada fillo ou filla nacido ou adoptado no período establecido. Na convocatoria do ano pasado concedéronse 37 axudas, atendendo todas as solicitudes que cumprían as condicións indicadas nas bases.

Un dos pais debe estar empadroado en Melide cunha antelación de seis meses á data do parto ou da adopción, e os fillos ou fillas deben estar inscritos no padrón municipal. Ademais, a persoa solicitante comprométese a seguir empadroada no concello, xunto co seu fillo ou filla, durante un mínimo de catro anos desde o nacemento ou a adopción, cunha residencia efectiva en calquera das parroquias de Melide.

As achegas son compatibles con outras axudas coa mesma finalidade doutros organismos públicos.

As solicitudes deben presentarse no Rexistro Xeral do Concello, empregando o modelo do Anexo I das bases xunto con outros documentos.

Dani Polo é o primeiro mago galego que gaña o Mandrake d'Or



O mago melidá, Dani Polo, gañador deste certame. / Foto: Dani Polo Ilusionist

O ilusionista melidao Dani Polo converteuse no primeiro mago galego en recibir o Mandrake d'Or, un recoñecemento internacional considerado o equivalente aos Óscar no mundo da maxia. O galardón compárteo co coruñés Joshua Kenneth.

Polo, de 28 anos, cando recibiu a noticia confesa que quedou en estado de shock, "é un soño feito realidade", indicou nunhas declaracións ao xornal El Progreso. Lembra que este é o premio ao que aspira todo mago ao comezar e que el mesmo estaba pendente cada ano de saber quen o recibiría.

O Mandrake d'Or naceu en 1990 e entre os seus premiados figuran nomes como David Copperfield ou Juan Tamariz. Para Polo, compartir a distinción cun amigo que traballa estilos de maxia moi diferentes fai a experiencia aínda máis especial.

Os inicios de Polo remóntanse aos oito anos, cando lle regalaron unha caixa de Magia Borrás, "foi un frechazo", lembra nas declaracións ao xornal lucense. Non obstante, nese momento non imaxinaba a onde chegaría, pero o seu soño sempre foi poder vivir da maxia, o que é a súa paixón.

ITV Móbil para turismos e vehículos agrícolas na vila



Un traballador revisando as rodas dun vehículo agrícola. / Foto: iStock

Melide contará nas próximas semanas coa inspección técnica de vehículos (ITV) móbil, que se instalará na explanada do Campo da Feira para atender a turismos e vehículos agrícolas.

Os turismos poderán inspeccionarse do 23 de novembro ao 3 de decembro e o 9 de decembro. Os vehículos agrícolas pasarán a inspección do 11 ao 23 de decembro. Para ambos, é preciso solicitar cita previa.

MeLiSA e o Concello avanzan no programa Sementeira Dixital coa entrega dos primeiros ordenadores a familias vulnerables

Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (MeLiSA) e o Concello de Melide avanzan no desenvolvemento do programa Sementeira Dixital coa entrega dos primeiros cinco ordenadores portátiles ás familias beneficiarias desta iniciativa. O proxecto, posto en marcha a través dun convenio de colaboración entre ambas entidades, busca recuperar equipos informáticos e darlles unha segunda vida, facilitando o acceso á tecnoloxía ás persoas que máis o precisan.

A primeira entrega realizouse a mediados de outubro por parte dos membros de MeLiSA, que facilitaron os cinco portátiles a outras tantas familias seleccionadas polos Servizos Sociais do Concello de Melide. Cada un destes equipos comeza unha nova etapa nun novo fogar, onde poderá converterse nunha ferramenta para aprender, estudar, realizar traballos ou descubrir as posibilidades que ofrece o mundo dixital.

A entrega dos equipos estivo acompañada dunha primeira explicación por parte dos membros da Asociación sobre o seu funcionamento e o uso básico das ferramentas instaladas. O obxectivo de Sementeira Dixital non é limitarse a facilitar dispositivos, senón tamén acompañar as persoas no seu primeiro contacto con eles e proporcionarlles os coñecementos necesarios para que poidan utilizalos con autonomía.

Varias das familias beneficiarias teñen nenas e nenos en idade escolar que poderán empregar os portátiles con fins educativos, tanto para realizar tarefas escolares como para acceder a recursos de aprendizaxe e desenvolver novas habilidades dixitais.



Rafael Gayoso, membro da Asociación MeLiSA, na entrega dos primeiros ordenadores. / Foto: Concello de Melide

Desde MeLiSA lembran que "un ordenador non resolve por si só todas as dificultades de acceso á tecnoloxía, pero pode abrir moitas portas. E, ás veces, todo comeza por ter un equipo propio co que estudar, practicar e aprender".

Desde a Administración local destacan que "esta iniciativa permite facilitar o acceso a recursos informáticos a familias que teñen dificultades para dispoñer deles, ao tempo que favorece a aprendizaxe e a adquisición de competencias dixitais, especialmente entre os máis novos".

O Concello de Melide convoca o Concurso de Escaparates de Nadal 2026 con premios de ata 1.000 euros para o gañador

O Concello de Melide, a través do departamento de Comercio, convocou unha nova edición do Concurso de Escaparates de Nadal, dirixido aos establecementos comerciais e hostaleiros da localidade. A iniciativa pretende fomentar a decoración de Nadal e contribuír á ambientación das rúas durante estas datas.

O concurso está aberto a todos os establecementos comerciais e hostaleiros situados en Melide, independentemente da actividade que desenvolvan. As persoas participantes deberán decorar os seus escaparates ou locais con motivos relacionados co Nadal, e o xurado terá en conta a orixinalidade, a montaxe, a estética, a creatividade e a ambientación de Nadal.

O certame establece tres premios económicos: 1.000 euros para o primeiro clasificado, 500 para o segundo e 300 euros para o terceiro.

O prazo para inscribirse no Concurso de Escaparates de Nadal 2026 estará aberto do 16 de novembro ao 4 de decembro. Os establecementos interesados en participar poderán formalizar a súa participación na Concellería de Comercio do Concello melidense ou a través do correo electrónico comercio@concellodemelide.gal. Para calquera dúbida tamén poden chamar á Administración local ou escribir ao correo electrónico antes citado.

Segundo as bases, os escaparates deberán permanecer decorados, como mínimo, desde o 5 de decembro de 2026 ata o 7 de xaneiro de 2027. Se a decoración incorpora textos deberán estar escritos en lingua galega.



O escaparate gañador da edición do 2025, o de Pro Diva, que se levou 1.000 euros de premio. / Foto: Concello de Melide

A decisión do xurado darase a coñecer o vindeiro 12 de xaneiro de 2027, ás 12:00h, no Salón de Plenos do Concello de Melide. O edil da Área Económica da Administración municipal, Xosé Igrexas, anima aos establecementos da localidade a participar na iniciativa e a contribuír coa ambientación de Nadal en Melide.

Na edición do ano pasado, a do 2025, os establecementos gañadores do Concurso de Escaparates de Nadal foran: Pro Diva, Intres Fotografía e Carnicería Cardelle.

A XXXVI Semana da Música da Terra de Melide levará ao Mingos de Pita seis xornadas de concertos en novembro



Unha das actuacións da anterior Semana da Música da Terra de Melide. / Foto: Coral Polifónica de Melide

A Coral Polifónica de Melide organiza a XXXVI Semana da Música da Terra de Melide, que se celebrará durante o mes de novembro no Centro Sociocultural Mingos de Pita, e irá dedicada ás Festas do San Roque. A maiores, o repaso pola historia das Festas do San Roque ligarase co da tradición reposteira da localidade, especialmente co rico. Os concertos celebraranse os días 14, 15, 21, 22, 28 e 29, sempre ás 19:30 horas e reunirá formacións musicais de Melide, Santiso, Sobrado e Toques.

A programación arrancará o sábado 14 con Froito Novo, a Banda - Escola de Música de Visantoña, Cuarta Xusta e Nós ao Noso. O domingo 15 subirán ao escenario Lucía Lugrís, os Gaiteiros do Balado (Toques) e a Asociación A Maristela de Sobrado.

O sábado 21 de novembro será a quenda de Herba Grileira, Leirabuxo, Pozo Pequeno e Vide Preto. Ao día seguinte, o domingo 22, actuarán Os da Taberna, a Coral Polifónica de Santiso e Os Melidaos.

A última fin de semana comezará o sábado 28 con Suso Ascariz e o Conservatorio de Melide. Continuará o domingo 29 coas actuacións da Bandiña de Melide e a Coral Polifónica de Melide (entidade organizadora).

A Semana da Música da Terra de Melide é unha das actividades máis demandadas e seguidas pola veciñanza de toda a comarca e contorna, dado que permite coñecer de primeira man o traballo realizado polas Asociacións e grupos musicais da zona, así como descubrir novos talentos do eido musical.

Ademais, con motivo destas seis xornadas musicais organizadas pola Coral Polifónica de Melide é importante lembrar que esta entidade cultural que leva organizando máis de 30 anos esta e outras moitas iniciativas a prol da música na nosa comarca precisa novas voces, especialmente masculinas, para continuar o seu percorrido e a súa ampla traxectoria.


CONCURSO DE ESCAPARATES
DE NADAL 2026
ASETEM
Merca en Melide
Cerne de Galicia
Concello de Melide
PRAZO DE INSCRICIÓN DO 16 DE NOVEMBRO AO 4 DE DECEMBRO



PRODIVA

SOLARIUM!

DESCUBRE O NOSO NOVO SERVIZO DE BRONCEADO ARTIFICIAL.

E TODOS OS NOSOS SERVIZOS DE BELEZA.

MANICURÍA, PEDICURÍA, UÑAS SEMIPERMANENTES E TODO EN DEPILACIÓN.

VISÍTANOS!

ESTAMOS SITUADOS EN:
RÚA RAMBLA SAN PABLO 6
MELIDE, A CORUÑA

TELÉFONO: 981937665 - 670424348

JUIFI

E ti
es de aquí
ou vés
pola oferta?

Fibra da boa
600 MB

Tarifa móbil
100 GB
+ ilimitadas

31 € (IVE inc)

Contrata chamando ao 881 150 150
ou en juifi.gal

NEUMÁTICOS MELIDE
Servicio a domicilio 24 horas

DUNLOP
MICHELIN
BRIDGESTONE
Firestone

Antonio Pampín Mosteiro
O REI DA RODA -

Avenida de Lugo
Melide (15800)
981 50 51 57

SegurCaixa Adeslas
OFICINA DE ATENCIÓN COMERCIAL
MELIDE

CAMPAÑA DE FIN DE AÑO
HASTA 3 MESES
GRATIS
En nuevas contrataciones de seguros de salud,
según las condiciones de la campaña.

Una oficina,
muchas formas
de proteger
lo que te importa.

Salud | Dental | Decesos | Hogar | Mascotas | Negocio | Coche

La confianza de una gran compañía. La cercanía de tu oficina en Melide.

Ronda de Pontevedra, 10. Bajo
15800 - Melide

604 006 203
Llamadas y WhatsApp

@oficina.adeslas.melide
melide@oac.segurcaixaadeslas.es

O Cross de Santiso esgota todos os dorsais para todas as modalidades da edición de 2027 en apenas tres horas



Varios corredores da anterior edición do Cross de Santiso nunha das costas do percorrido. / Foto: Cross de Santiso

A nova edición do Cross de Santiso xa ten os dorsais esgotados, dado que o pasado 1 de novembro en apenas tres horas vendéronse todas as prazas para as modalidades de carreira infantil, andaina e carreira de adultos. Esta non deixa de ser un novo sinal do bo facer da organización deste evento e tamén da gran acollida que ten entre as persoas deportistas da comarca da Terra de Melide e doutros lugares de Galicia. A edición do Cross de Santiso 2027 celebrarase o vindeiro 22 de maio.

A organización desta iniciativa recibiu a noticia con absoluto agradecemento, "a familia do Cross de Santiso non sabe como agradecer a acollida que ten a nosa pequena proba", recoñecen nas redes sociais. Tal e como explican, en pouco máis de tres horas esgotáronse todos os dorsais postos á disposición dos participantes e en modalidades como a andaina ou a carreira infantil ás dúas horas xa non quedaba ningunha praza dispoñible das 1.102 sacadas á venda por parte da organización.

Cando anunciaron a data para inscribirse na nova edición do Cross a organización xa avisou, "volvemos á carga cunha nova edición chea de deporte, natureza e ganas de compartir quilómetros e camiños con todos vós" e convidaban a ir preparando as zapatillas, visto o tempo no que se esgotaron os dorsais está claro que lles fixeron caso.

Logo da celebración do 40 aniversario, o listón está moi alto e para conseguir estar á altura o Cross de Santiso do 2027 centrarase ou xirará arredor dos sendeiros e rutas de sendeirismo da zona, para dar a coñecer a contorna natural de Santiso a través do deporte e fomentar o uso destes percorridos.

Un dos factores principais que destacan todas as persoas que participaron nalgunha edición do Cross de Santiso, ademais da boa organización, é que este evento é un día de festa no que se fai comunidade entre xente de todas as idades.



Ulloa Viva lanza unha campaña en redes sobre o estado do Ulla na cola do encoro de Portodemouros, entre Santiso e Agolada



Unha foto do estado do río Ulla, onda o encoro de Portodemouros, a finais de setembro. / Foto: Plataforma Ulloa Viva

O A Plataforma Ulloa Viva puxo en marcha unha campaña en redes sociais con imaxes recentes do río Ulla á súa chegada ao encoro de Portodemouros, na ponte de Agra, que separa os concellos de Santiso e Agolada. As imaxes, gravadas a finais de setembro, amosan, segundo a plataforma, unha "alarmante falta de auga" e un elevado grao de eutrofización na cola do encoro, unha situación que, aseguran, se repite desde hai anos.

O proxecto da macrocelulosa de Altri en Palas de Rei prevé captar do encoro de Portodemouros 46 millóns de litros de auga ao día durante os vindeiros 75 anos. Ulloa Viva considera que o Ulla non pode soportar esa demanda e que a súa chegada ao encoro, en Santiso e Agolada, é a proba, "o Ulla chega a Portodemouros case sen auga e cunha alarmante eutrofización», sinalan.

A plataforma asegura que o río non ten caudal suficiente para diluír as 60 toneladas diarias de sulfatos que, segundo di, a propia empresa recoñece que vertería. Advirte ademais de que eses contaminantes chegarían finalmente á ría de Arousa.

Ulloa Viva acusa tamén a empresa de "facer trampa" no seu proxecto por utilizar caudais medios mensuais en lugar de diarios. Sostén que, polo cambio climático, o estiaxe se está estendendo no tempo e xa non remata en setembro, boa mostra disto é este ano no que outubro foi especialmente seco.

A plataforma lembra que o propio departamento autonómico de Medio Ambiente declarou o río Ulla en situación de seca prolongada o pasado mes de setembro, "a realidade é teimuda e non deixa de darnos a razón", destacan dende Ulloa Viva.

Desde a plataforma subliñan que a veciñanza das zonas ribeirás coñecen esta situación porque conviven con ela ano a ano.

A maiores, a Plataforma insta a Alfonso Rueda a facer público o acordo asinado entre Impulsa Galicia e Altri para impulsar a macrocelulosa de Palas.

Sobrado acolle unha experiencia atractiva para descubrir o ceo galego



A imaxe promocional desta experiencia en Sobrado. / Foto: Concello Sobrado

O municipio de Sobrado acollerá este venres, 13 de novembro, a partir das 18:00 horas a actividade "Astroturismo en Galicia: Ceo no Camiño", unha proposta divulgativa que combina imaxe, emoción e ciencia para mirar Galicia desde a perspectiva dos seus ceos, os seus solpores e a súa noite. A cita celebrarase no Mercado Municipal e prolongarase ata as 21:00h.

O proxecto une o Camiño de Santiago, os ceos *strarlight*, a fotografía astronómica, a realidade virtual e un planetario portátil. A experiencia está pensada para o público xeral, as familias, os peregrinos, o alumnado dos centros educativos, os visitantes e profesionais do sector turístico.

A actividade comezará ás 18:00 horas coa inauguración da exposición fotográfica; ás 18:30h realizarase a presentación do proxecto "Ceo no Camiño", á que seguirá a charla divulgativa "O ceo de Galicia".

A partir das 19:30 horas, o público poderá participar nunha visita guiada á exposición, na experiencia con gafas de realidade virtual 360º e na sesión do planetario. Ás 20:30h abrirase unha visita libre e a actividade pecharase sobre as 21:00 horas.

Esta actividade é totalmente gratuíta.

A BMV ofrece un concerto por Santa Icía o día 21



O cartel do concerto do día 21. / Foto: Banda-Escola de Música de Visantoña

A Banda-Escola de Música de Visantoña celebrará o sábado 21 de novembro o concerto de Santa Icía (patroa das e dos músicos).

A actuación comezará ás 20:00 horas na Escola de Música de Visantoña (Santiso). A entrada para ver á Banda-Escola de Música de Visantoña é gratuíta.

Dende a Banda-Escola animan a todas as persoas a acudir ao concerto "para festexar a nosa ben querida Santa Icía", así como para "continuar celebrando a música".

Herba Grileira celebra o Magosto este venres



Cartel do Magosto Grileiro deste venres, 13 de novembro. / Foto: Herba Grileira

A asociación Herba Grileira organiza o Magosto Grileiro, unha festa popular que se celebrará o venres 13 de novembro, a partir das 21:30 horas, na Pulpería Garnacha (Melide).

Durante a xornada haberá pinchos e foliada para celebrar a época das castañas. De feito, dende a organización animan a todas as persoas que acudan a levar os seus instrumentos para facer festa coa mellor música.

A Asociación Charamela organiza un obradoiro de cociña para adultos



Cartel informativo sobre os obradoiros de cociña organizados por Charamela. / Foto: Asociación Cultural Charamela

A Asociación Cultural Charamela pon en marcha un obradoiro de cociña para adultos que se desenvolverá en Melide ao longo de catro sábados entre novembro e decembro.

O obradoiro será impartido por Manuel A. Garea Rodríguez os días 21 e 28 de novembro e 5 e 12 de decembro, de 20:00 a 23:00 h, na cociña do Concello de Melide.

O curso conta con 14 prazas e terán prioridade os socios e as socias da asociación e as prazas adxudicaranse por orde de inscrición. As persoas interesadas poden inscribirse ata o 18 de novembro no correo electrónico accharamela052@gmail.com.

Aron Ayude logra a medalla de prata no Europeo de Muay Thai de París



Aron Ayude (Escola Ayude) no segundo caixón do podio. / Foto: Escola Ayude

París acolleu o Campionato de Europa de Muay Thai da IFMA, clasificatorio para os Xogos Olímpicos Europeos, e nel Aron Ayude proclamouse subcampión e conquistou a medalla de prata.

A Federación Española de Kickboxing e Muay Thai acudiu á cita cun equipo de 16 deportistas, co obxectivo de sumar puntos e ascender na clasificación mundial da IFMA para optar á clasificación. Tras unha competición moi dura, os españois regresaron con sete medallas: tres pratas e catro bronces.

Aron Ayude, veciño de Visantoña (Santiso), e técnico da Escola Ayude, onde segue a súa preparación e formación, sumou unha das pratas como membro da selección española. O resultado sitúao, unha vez máis, na elite mundial desta disciplina.

A medalla supón un fito histórico para o muay thai galego e, xunto co bronce conseguido no campionato do mundo, son as únicas medallas internacionais deste nivel para Galicia.

Dende diferentes institucións como Deporte Galego danlle os parabéns a este veciño do concello de Santiso por acadar estes grandes resultados na disciplina de Muay Thai.

A exposición *"Traballos do Campo"* chega a Melide



Unha das fotografías da exposición de Mercedes Vázquez. / Foto: Museo Melide

A exposición *"Traballos do Campo"* da fotógrafa Mercedes Vázquez Saavedra chega a Melide este mes de novembro.

O Museo Terra de Melide acolle esta obra de memoria sobre as labores agrícolas do rural ata o vindeiro 30 deste mes. Estas imaxes reflexan a realidade das pequenas vilas galegas duns anos atrás.

A visita á exposición está aberta a todos os públicos e é gratuíta.

Abeancos celebra dez anos de proxecto do catálogo do patrimonio da comarca da Terra de Melide con varias sorpresas e novidades



Parte do cartel do convite á presentación e celebración dos dez anos de Abeancos. / Foto: Abeancos.gal

Abeancos, o catálogo en liña do patrimonio da comarca da Terra de Melide, cumpre dez anos e celebrarao cunha presentación aberta ao público o sábado 28 de novembro, ás 18:00 horas, no Museo da localidade melidá.

Ao longo destes dez anos, o proxecto reuniu 278 elementos patrimoniais da comarca, entre os que atopamos, igrexas, cruceiros, pontes, fontes, pazos e espazos naturais. Trátase dun catálogo aberto, elaborado con software libre, que pon a disposición de calquera persoa información sobre o legado cultural da Terra de Melide.

Co aniversario chega tamén un cambio no enderezo web, o catálogo pasa a estar accesible en abeancos.melisa.gal, mentres que o dominio anterior, abeancos.gal, deixará de usarse. O novo enderezo xa está dispoñible para consultar os seus recursos.

Dende Abeancos avanzan que a presentación incluirá "unhas cantas sorpresas" que só poderán verse en primicia neste acto. Por iso, dende a organización animan a todas as persoas do municipio e arredores a acudir a esta cita para celebrar o décimo aniversario deste proxecto ligado co patrimonio do noso territorio.

Todos os elementos rexistrados no catálogo de Abeancos están documentados, clasificados e xeolocalizados con mapas libres. De feito, ao ser un catálogo aberto, o acceso aos datos non está restrinxido unicamente á visualización neste sitio web. O acceso aos datos en distintos formatos é libre e gratuíto.

Ademais, a busca dos elementos neste enderezo web é moi sinxelo e adaptado para todas as persoas, independentemente do nivel de coñecementos informáticos, xa que están divididos por tipo de elemento e por concello/parroquia.

Descarga gratuíta



Patrimonio lúdico galego
Investigación, recursos e divulgación dos xogos tradicionais

Partindo de experiencias, investigacións e proxectos concretos, esta obra proporciona unha ampla variedade de enfoques que reivindican o valor do xogo e do xoguete como parte esencial da identidade de Galicia e incita, en definitiva, a xogar para lembrar quen somos e para seguirmos sendo parte viva da cultura galega

42 autorías dos máis diferentes campos

UN FITO NO ESTUDO DOS NOSOS XOGOS

XUNTA DE GALICIA
USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Patrimonio Lúdico Galego
AC JeST ASSOCIATION EUROPÉENNE DE JEUX ET SPORTS TRADITIONNELS

“Quería que os e as lectoras se enamoraran e descubriran o Camiño de Santiago, o seu patrimonio e gastronomía”

Soe dicirse que ata dos momentos máis duros sae algo positivo e iso foi o que lle aconteceu a Jose Gómez Sandes, autor do libro “Cuando el Camino mata, unha novela de suspense ambientado nas etapas do Camiño Francés cara a Santiago de Compostela



O autor Jose Gómez Sandes na presentación de *“Cuando el Camino Mata”* en Librería Victorio. / Foto: Cerne

Hai libros que nacen dunha idea ou inspiración e outros que xorden dunha necesidade, “Cuando el Camino mata” é a primeira novela de Jose Gómez Sandes e pertence ao segundo grupo. O autor achegouse ata Melide, en concreto ata Librería Victorio, o pasado 30 de outubro para presentar a súa publicación. Neste evento, o público descubriu como unha lesión por mor dun accidente doméstico, unha depresión e moitas horas de lectura remataron dando lugar a unha novela de suspense ambientada no Camiño de Santiago.

Esta historia comeza co autor cun xeonllo roto e dúas operacións que o levaron a pasar varios meses sen poder moverse, dependendo para todo da súa familia o que lle levou a unha depresión pero “o ser humano é moi forte e sempre busca unha saída”. Esta saída foi a lectura, un hábito que abandora case por completo e que grazas a ela os días fixéronse máis levadeiros.

Grazas a recuperar a paixón polos libros, Jose decidiu abrir unha canle en Instagram @librosdedonjose na que recibe manuscritos de autores noveles, ponlles nota e dálles difusión. A raíz da experiencia con esta conta no medio dunha viaxe decidiu que era o momento de escribir unha historia.

“A idea era levar o modelos das grandes novelas de suspense a un escenario pouco frecuente. Estamos cansos de que os autores coñecidos do panorama nacional ambientes as súas historias en Madrid, Barcelona, Valencia ou Sevilla”, explicou Jose. De Villafranca del Bierzo, a súa vila natal, e das localidades polas que pasa o Camiño de Santiago case non hai ningunha novela negra, así que decidiu escribila cun obxectivo claro: “que quen o lea acaba o libro con ganas de facer o Camiño”.

A trama arrinca na Porta do Perdón de Villafranca del Bierzo, o único lugar do Camiño Francés onde se pode gañar o xubileo como se se chegase a Santiago. A historia narra como dez anos despois da morte de Eva, un grupo de amigos decide percorrer o Camiño para pechar feridas que nunca cicatrizaron. Con eles vai Miguel, condenado polo asasinato de Eva que acaba de saír da cadea. Etapa tras etapa, o paseo converterase nun escenario de morte, cando un dos amigos aparece asasinado, a sospeita instálase entre quen crían coñecerse dende sempre.

“Fixen unha novela de suspense enganado un pouco ao lector”, confesou o autor, dado que dentro dela colou monumentos, igrexas, arte, historia e gastronomía. Cada capítulo corresponde a unha etapa e comeza indicando a distancia, as horas de percorrido e o desnivel acompañado de mapas. Esta obra é ficción, pero as lendas, os mitos, as historias e as poboacións son totalmente reais.

Melide presente no libro

A vila melidá aparece no libro como unha parada máis do Camiño Francés, á que os personaxes chegan empapados pola choiva, cos soportais cheos de peregrinos que se refuxian da auga, o cheiro a leña mollada e a cando quente na rúa. A maiores, na obra sinálase que Melide é punto de encontro no que se unen o Camiño Primitivo e o Francés. Despois, párase na pulpería, un espazo abarrotado de xente, camareiros correndo e pratos de polbo saíndo da cociña ata que, cando chegan as racións, o silencio é inmediato. “Moitos lectores buscaron en internet se existe a pulpería”, afirmou Jose

Este trozo de relato é unha boa mostra do estilo do autor, frases curtas, moitas veces rematadas en suspense, e sen parágrafos de recheo. Outra das ceas dos personaxes transcorre no concello do Cebreiro, onde o autor recrea a lenda do milagre eucarístico.

Jose Gómez ten claro que a súa publicación funciona en dous niveis: quen o le de présa vai tras o ou a asasina e engánase e quen o relé e descobre o que se di sobre o Camiño. Para escribir *“Cuando el camino mata”*, o autor falou con diversos peregrinos veteranos, xente que traballa no Camiño e tamén historiadores. De feito, toda a documentación que lle aportaron fíxolle descubrir segredos que non coñecía como o relicario do Cebreiro, doado polos Reis Católicos ou varias das lendas das etapas, “pensaba que coñecía ben o Camiño de Santiago, pero equivocábame porque non coñecía todos os seus segredos”, destacou.

Outro dun dos aspectos que Jose consideraba importante para a súa novela era que fose fácil de ler e sen violencia gráfica, “quería que un neno de 11 anos o puidese ler e engancharse igual que unha persoa de 40 ou outra de 90, con independencia de ser lectores ou lectoras asiduas ou non. De feito, coñezo varios lectores de 11 anos e outros de máis de 90”, indicou o autor.

Escribir este libro levoulle arredor de cinco meses, pero as correccións moito máis, “cheguei a ler a novela unhas 20 ou 30 veces e, aínda así a persoa que o revisou atopou erros”.

Como confesión exclusiva comentou Jose que nun dos personaxes, o que se define como apaixonado da arte e a historia, o autor retrátase a si mesmo e que o grupo de amigos tamén está inspirado en xente real, porén só na obra hai asasinatos.

Á espera dunha segunda parte

A novela remata de forma aberta, xa que os personaxes que queden decidirán percorrer outro Camiño, neste caso o do Norte, como homenaxe á Mariña Lucense, onde o autor veraneaba cando era cativo coa súa familia.

O que dura a música na zona dos viños

Todos estamos a unha chamada de teléfono de que a nosa vida cambie para sempre.
Que deixe de ser a vida que temos para converterse noutra que, se cadra co tempo, volve ser feliz, pero que de primeiras pon patas arriba a orde emocional que coñecemos, aquelo que nos é casa.

A chamada avísanos dun accidente, dunha morte, ou de algo que instalará unha ausencia onde ata entón aniñaba a cotidianidade, aquelo que fai que demos todo por seguro.

Ese cambio de status quo dáse de cheo nas relacións humanas, pero dáse tamén nos lugares aos que estamos afeitos. Pasou na zona dos viños de Melide, cando a morte deixou en silencio a costa da Praza da Herba, unha tardiña de xuño.

Nin o balbordo do verán, nin o rebumbio do San Roque, nin as tapas cargadas de todos os establecementos da zona deron rachado aínda ese silencio, que berra aos que baixan facendo os viños e ven pechado o bar que ata non fai tanto daba a benvida á rúa con música e xamón.

Hai lugares que se definen polas persoas, que levan a alma dos seus donos ás súas paredes, e que acaban convertendo en metonimia os nomes propios para designar un xeito de relacionarnos.

E non se trata de xulgar aquí a profesionalidade, a calidade humana ou o valor empresarial, porque eses ítems non serán nunca obxectivos. Trátase de constatar a realidade, e ver que hai un silencio incómodo ante o baleiro, porque en parte estamos vendo que supón o final dunha etapa, que todos lembramos con barullo, risas e xente darredor dos pipos. Unha maneira persoal de relacionarse que, para ben ou para mal, era xenuina e que agora queda só no recordo.

Deixar pegada nun sitio é iso: que tanto os que te queren como os que te odian; os que te aprecian e os que te envexan teñan en común valorar o oco da túa ausencia cando te vas.

É certo que a morte, coma a vida, pasa veloz demais, e deixa tras de su unha estela bastante feble, que o breve -brevísimo- paso do tempo derrete decontado. Demasiado rápido se cae no olvido para toda a gravidade coa que nos tomamos a vida.

O tempo vai minguando os recordos, vai alimentando o olvido, e pasados os anos a lembranza de persoas e momentos que xa non están seguen latexando en contadas memorias. Porque é tan arrasadora a forza da vida, que a pesares da morte, de que se vaian apagando luces ao noso redor, a vida sempre se abre paso.

O baile de vivir non para nunca, unhas veces a ritmo de vals, outras dun rock efusivo, pero a música nunca cesa, aínda que por veces, como está pasando agora nos viños de Melide, o silencio se impoña un pouco. Logo xa cadaquén decide canto tempo lle dá a manter quente a lembranza.

Vanesa de Quinzán



CRISTINA PACHECO, TOYSMANIATIC MELIDE

“O peso máis importante de todas as xogueterías como Toysmaniatic está na campaña de Nadal e Reis”

- Falta algo máis dun mes para o Nadal. Como estades preparando a campaña?

- Cristina Pacheco: O primeiro é organizar e clasificar os xoguetes, facemos pedidos e pensamos na decoración de Nadal, especialmente, a do escaparate. Da parte creativa soe encargarse miña irmá porque se lle dá mellor e xa está pensando no escaparate de Nadal dende meses antes, pero eu no que podo tamén aporto o meu grao de area.

- Xa se empeza a notar o movemento de compras?

- C.P: Menos que en anos anteriores, a tendencia dos últimos tempos é a deixar todo máis para última hora. Antes, a xente xa traía aos nenos e nenas pola xoguetería para ver o que lles gusta e ter ideas para regalar, pero cada vez faise menos. E este ano, polo momento, todo fai indicar que haberá máis compras de última hora.

- Non obstante, comprar tan preto da data terá os seus riscos.

- C.P: O principal risco é que non haxa o que queres. A xente que quere ter todo o que lle escribe na carta a Papá Noel ou aos Reis Magos fai as compras con tempo para, en caso de ser necesario, facer un pedido ou encargalo. De feito, hai familias que veñen comprar os regalos e déixanos aquí ata a véspera de Reis ou de Papá Noel. Así que, se hai algo específico que queiran regalar eu recomendo vir á xoguetería con tempo para poder asegurarnos de que o vai ter.

- Canto peso ten o Nadal no total das vosas vendas anuais?

- C.P: Moitísimo, date conta que o resto do ano vendes pero é para comuñóns ou aniversarios, cousas máis puntuais. Non obstante, a campaña de maior importancia para unha xoguetería é, con moita diferenza, a de Nadal e Reis.


Cristina Pacheco na súa tenda, Toysmaniatic Melide, rodeada de xoguetes e xogos de todo tipo e estilos. / Foto: Cerne

- Esas semanas de Nadal serán frenéticas.

- C.P: Totalmente, de feito durante todo o ano alternámonos miña irmá máis eu para atender a tenda, pero no Nadal estamos as dúas a tempo completo. Obviamente hai momentos nos que hai menos xente pero tes traballo igual porque necesitas repoñer, empaquetar, colocar... Son días de moito traballo afortunadamente porque é a época máis importante para as persoas que nos dedicamos a vender xoguetes.

- Que xoguetes ou xogos prevedes que serán os máis demandados neste Nadal?

- C.P: O K-pop para as nenas é unha loucura, as bonecas e todo o relacionado con ese mundo chega e vaise. E, para os nenos, é case sempre o mesmo Lego, superheroes e as construcións están gustando moito, especialmente a partir dos oito anos. Obviamente tamén depende moito da idade do neno ou nena, pero en xeral estes son os xogos e xoguetes máis demandados.

- E para as persoas adultas?

- C.P: Desde a pandemia, cada vez véndense máis xogos de mesa e tamén xogos sen límite de idade para que toda a familia (pequenos e maiores) poidan xogar xuntos. Este tipo de xogos aos nenos e nenas gústalles moito porque o que realmente queren é que os papás e as mamás xoguen con eles. De feito, se preguntas que é o que máis se vende na xoguetería en todos os anos que levo traballando diríache sen dúbida os xogos de mesa.

- Que tipo de xoguete segue funcionando ano tras ano, independentemente das modas?

- C.P: Os clásicos: as bonecas, os coches de radiocontrol, os puzzles, as cociñas e o banco de ferramentas son totalmente atemporais. Unha nena pode ter xa cinco boneca na súa casa que sempre vai querer outra.

- A xente pídevos consello cando vén comprar?

- C.P: Si, normalmente sempre nos piden consello porque confían en nós grazas a que un día os aconsellamos nun regalo e triunfaron. Ademais, nunha vila pequena como Melide todos lle regalamos moito ao mesmo neno ou nena, polo que nós xa sabemos o que lle levaron, o que xa ten e o que non. É un traballo que require ter moita memoria, de feito o problema vén cando foi miña irmá a que vendeu máis regalos para ese neno ou nena e despois me preguntan a min, pero a xente sempre sae contenta.

- Notades un maior interese por xoguetes educativos, sostibles ou de madeira, ou por xogos de mesa e tradicionais?

- C.P: Hai un pouco de todo, xente que si demanda xogos máis educativos cos que os pequenos aprendan algo, outro prefiren compra pracer ao neno e levarlle o que queira e tamén os hai que combinan e levan un dos que quere o pequeno e outro que escolla a familia porque quere que o teña.

- Como reaccionan as nenas e nenos cando entran na tenda?

- C.P: Enlouquecen porque ven tantas cousas que lles gustan que algúns ata se estresan. Ao mellor entrar para comprar un puzzle e pérdense vendo outros xoguetes, polo que ao final non acaban levando o que viñan buscar. Despois tamén é moi importante escoitalos e observar por onde van e onde se paran a mirar porque iso dáche pistas do que lles gusta máis. Logo, é certo que hai un determinado número de nenos que só queren un xoguete como pasa moito aquí cos tractores.

- Como inflúen as series, as películas ou as redes sociais no que piden os nenos e nenas?

- C.P: Moitísimo porque van coa serie que estean vendo e cando deixan de vela cambian de gustos. Tamén pasa moito que se un compañeiro da escola ten un xoguete despois todos o queren. A maiores, a chegada das redes sociais e, sobre todo, de Tik Tok influíu moito en todo o que queren comprar e isto fainos ser como unha montaña rusa, polo que hai que estar moi pendentes das tendencias.

- Subiron moito os prezos dos xoguetes?

- C.P: Non, mantéñense bastante e hai algún caso no que aumentaron o pedido mínimo ou recortaron o tamaño pero o prezo e a calidade mantéñena.

Toysmaniatic

Ronda da Coruña, 36, 15800, Melide

Tlf: 981 93 79 40

LO QUE DEJAS DE OÍR HOY, MAÑANA SON CONVERSACIONES PERDIDAS

LLEVAMOS MÁS DE 12 AÑOS CUIDANDO LA AUDICIÓN DE MILES DE GALLEGOS. SIN PRISAS, SIN AGOBIOS, CON AGARIMO.



- Tú decides cómo los quieres.
- Sonido limpio en cada conversación.
- Conectados a tu móvil, a la tele, al mundo.
- Se cargan como tu móvil.



PRUÉBALOS. SIN COSTE. SIN COMPROMISO.

Y si te convencen, llévate dos audífonos por menos de lo que imaginas. 50% en tu segundo audífono.

Pide tu Evaluación Auditiva Profunda.
Es gratuita. Te escuchamos de verdad para entender cómo percibes el sonido.

**PORQUE TODO EN LA VIDA SUENA.
Y VOLVER A OÍRLO ES UNA DECISIÓN QUE VA A CAMBIAR LA TUYA.**

Instituto de la Sordera

AUDIAS
instituto auditivo

**INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
RONDA DA CORUÑA,
34 - 15800. MELIDE - A CORUÑA
TEL.: 981 50 72 87 - 648 75 47 61**

E-15-001359